



FAPACEL

Edificio Cei Nodus Concello de Lugo
Av. de A Coruña, 500
27003 – Lugo
fapacel@gmail.com



Dende a Fapacel queremos denunciar a falta de predisposición que mostra a Administración á hora de coñecer a problemática educativa dos centros da provincia, e moito menos de tentar solventalos.

No ano 2009 os sindicatos e a Xunta asinaron unhos acordos, polos cales se poderían agrupar varios cursos nunha mesma aula se se cumprían os seguintes ratios:

- Grupos dun mesmo ciclo, grupo menor a 14 alumnos
- Grupos de varios ciclos, grupo menos a 12 alumnos
- Grupo de toda primaria , grupo de 10 alumnos.

Este ano voltaron a negociar, e ademais de ratificar o acordo xa asinado, baixouse o ratio de 25 a 20 alumnos por aula en educación infantil e primaria e de 30 a 25 en secundaria.

Ademais de que o alumnado dunha discapacidade maior ó 33% contará coma 2 e cun grado de discapacidade maior a ó 65% ou un grado de dependencia de II ou III, coma 3.

A realidade é que, dende o 2009, nunca se respetou este acordo, e cando as familias pediron o seu cumprimento a resposta por parte da inspección foi que “ os acordos non son vinculantes , non teñen rango de lei”.

8 centros da provincia de Lugo estanse vendo perxudicados por este incumprimento, tanto de ratios coma de agrupamentos, concretamente o Ceip PI. Virxe do Carme de Sober, Ceip A Fonsagrada, o Ceip castro de Ouro de Alfoz, o Ceip San Clodio de Ribas de Sil, o Ceip das Mercedes de Lugo, Ceip Rosalía d ecastro de Bóveda, o Ceip Ramón Falcón de Castro de Rei e o Ceip PI. Monte Baliño de Pantón.

As nosas socias, as familias destes centros sintense desprotexidas á hora de ofreceres ás suas fillas e fillos unha educación de calidade.

A inmensa maioría son centros ubicados en núcleos rurais, os cales sempre contan cun mínimo de recursos para o alumnado e reléganos a ser nenas e nenos de segunda.

Dende Fapacel exiximos unha educación de calidade para as nenas e nenos do rural, na cal TODAS E TODOS , teñan as mesmas oportunidades, recursos e dereitos que o resto do alumnos. Porque...se non se van cumprir estes acordos, para que se asinaron? Hai algún que ve factible que nunha mesma aula haxa 18 alumnos de diferentes cursos e con casos de necesidades especiais? Por qué se fixaron estes ratios se despois non se levan a cabo ? E qué hai do alumnado con NEE ou NEAE, non teñen dereito a seren atendidos debidamente, sen ser relegados ó fondo da aula por falta de recursos?

Todas estas inquiredanzas foron as que motivaron á Federación a pedir unha xuntanza coa Xefatura Territorial para poñer sobre a mesa estes casos e poder, entre todos, atopar unha solución. A resposta “colaboradora” que recibimos por parte da Xefatura tras varios días sen obter resposta foi que “a xefa territorial ten moito traballo, coñecen a nosa solicitude de reunión, asique non chamemos máis e que agardemos a que nos chamen”.

Dende as Anpas representantes das familias afectadas e dende a propia Fapacel, consideramos inaceptable este tipo de comportamento e predisposición. Qué ten que facer a Xefatura Territorial máis importante que tentar resolver e responder ás inquiredanzas das familias?

Somos unha Federación con 102 Anpas asociadas, as cales depositan en nós a súa confianza. Miles de familias con problemáticas diversas, pero cun obxectivo común: que se respete o dereito das súas fillas e fillos a ter unha educación de calidade, sen discriminación, apoiando o ensino(independentemente se con esa medida se beneficia a 10 ou a 1000), permitindo que o alumnado do rural se poida beneficiar dos recursos que , por dereito, lle pertencen. Por que só así podremos rexoubar do noso ensino, independentemente de propaganda electoral de cada partido político.

A Directiva da Fapacel

